

Faro *da* Cultura

Se hai algún tipo de comercio que dá personalidade a unha cidade, ese son os cafés (e bares, en xeral) e mais as librarías. Así como os primeiros explican a maneira de ser dos seus habitantes, as segundas amosan como ningún outro negocio a alma que é a lingua (ou linguas) local. Evidentemente, a importancia das librarías está relacionada coa que teñan as editoriais do mesmo país. Moitas veces, inclusive, algunhas das primeiras son propia das segundas. As librarías foron, alén dun negocio, oasis no tumulto urbano. Pero a escalada dos prezos dos locais comerciais e a vulnerabilidade que impuxo a política de austeridade está a provocar o peche encadeado de moitas delas. Nunha cidade como Barcelona, capital editorial do mundo hispánico, foron unhas cantas as librarías importantes que pecharon nos últimos anos (Bosch, Castells, Bastinos, Francesa, Cinc d'Oros, Ancora y Delfín, a da Generalitat na Rambla). Recentemente, tocoulle a quenda á histórica Catalònia e ao espazo Proa (do grupo Enciclopèdia Catalana, copropietario con Planeta e La Caixa de Edicións 62 / Península), coa Robafaves mataronina á espera e a Jaimes salvando os mobles trocando a súa presenza no paseo de Gràcia pola rúa de València. Galicia tampouco se salvou do andazo e hai uns meses pechou Michelena de Pontevedra.

Na prensa, colaboradores e lectores laiáronse do triste destino destes establecementos, queixas que eran máis vehementes cando lembraban que o local da Ronda de Sant Pere que ocupaba a Catalònia (a cincuenta metros da praza de Catalunya) acollería un establecemento dunha multinacional de hamburguesas. Bágoas e “conmoción no mundo cultural barcelonés” como denominador común perante o peche do “mítico” local. Porén, e con criterio asisado, tamén houbo quen (Joan de Sagarra) puxo o dedo na chaga ao advertir que –se ben se sentía afectado– non deixaba de ser un negocio coma calquera outro e que aínda lembraba cando a viúva dun dos fundadores se negou a reeditar *Vida privada* do seu pai, Josep María de Sagarra, por “inmortal”.

Pero, máis alá de casuísticas, son diversas as razóns que levaron ao peche das grandes librarías. Ademais do asunto dos prezos do aluguer, cómpre non esquecer que a cultura cotiza á baixa no mercado bolsista que é a sociedade. Hoxe ten

S.O.S. librarías

Comercios en perigo de extinción

JOAQUIM VENTURA

preferencia o inmediato e o superficial e boa parte dos mozos esquecen o fondo que dan unha cultura xeral e o espírito crítico. Así e todo, tamén hai outros responsables. En primeiro lugar, a modificación dos usos e costumes. Contaba non hai moito un responsable de librería que hoxe Internet oferta máis e, ás veces, mellor información sobre materia turística (máis cando o propio turismo é fundamentalmente visual e superficial).

Non serían alleos ao descenso do negocio dos libros a expansión do formato electrónico (frecuentemente pirateado) e a política de moitas editoriais de queimar edicións sen que se produza un fondo editorial: hoxe, os sobrantes son guillotizados e transformados en pasta ben axiña. Todo isto sen esquecer os diversos impactos nos prezos, desde a aplicación do euro ao recente incremento do IVE e que non están os tempos para cultura cando moitos cidadáns apenas teñen para sobrevivir.

Mais os xestores das librarías non sempre souberon renovar o negocio. Non aprenderon que o peche dos grandes cafés do centro das cidades estivo motivado polas mesmas causas que agora están a padecer: resulta inviable manter superficies de centos de metros a base de taciñas e de libros de peto, máis aínda cando os únicos que están en condicións de pagar prezos especulativos son os negocios mediáticos, os vinculados ao turismo masivo ou os branqueadores de cartos.

Os xestores non sempre foron quen de renovar o negocio



A librería Versus de Vigo. // FOTO: ELI REGUEIRA

ARTE: MIGUEL PALMA
EXPÓN NO CGAC / PÁX. III



ENTREVISTA CON CARLOS
G. REIGOSA / PÁX. V

TEATRO: ROSALÍA SEGUNDO
OTERO PEDRAYO / PÁX. VIII